



Concertos do **marisco**

O Grove
outubro 2019

04 VENRES

MS NINA · STICKY M.A.

05 SÁBADO

IMELDA MAY · CHRISTINA ROSENVINGE · TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO

06 DOMINGO

XABIER DÍAZ & ADUFEIRAS

10 XOVES

DULCE PONTES

11 VENRES

NOVEDADES CARMINHA · HOLYWATER

12 SÁBADO

IVÁN FERREIRO · MAREM LADSON · OS AMIGOS DOS MÚSICOS

13 DOMINGO

LOS SECRETOS

03 XOVES

FLA-MECO · @ DE VIÑO

06 DOMINGO

07 LUNS

5 EN ZOCAS · A BANDA DO SEQUÍO · OS FIRRÁS

08 MARTES

09 MÉRCORES



Concertos do **marisco**

O Grove

outubro 2019


O Concello do Grove chega este ano á LVI edición da Festa do Marisco. A que se ten convertido na Festa gastronómica máis importante de España, bate récords anuais de visitantes tendo entrado nunha senda de calidade e valor cultural que converten nun referente que vai máis aló do propio marisco.

A Festa do Marisco naceu como un intento dos mariñeiros e mariscadores do Grove por dar a coñecer o produto da Ría de Arousa e as peculiaridades do marisco local. Tratábase de conseguir unha “cultura” gastronómica que, nos anos 50, inda non existía no noso país.

Deste xeito, o compromiso da Festa do Marisco coa cultura en todas as súas expresións resulta moi profundo. A Festa serve como escaparate da cultural local, da gastronómica, da marítima e, por suposto, da musical.

Desde hai anos o Concello do Grove está facendo un notable esforzo para que a localidade conte cun festival musical de referencia. Como complemento á Festa do Marisco, trátase de concentrar, nos 10 días que dura a festa, concertos de alta calidade que permiten que o público máis novo se achegue ao Grove dende outro punto de vista e coñeza un evento gastronómico que leva anos marcando a pauta do que deben ser este tivo de actividades.

Para O Grove, a Festa do Marisco é un escaparate do que pode ofrecer aos seus visitantes. A pequena península de tan só 22 quilómetros cadrados tense convertido nun destino que resume a realidade de Galicia: mar, montaña, deporte, cultura, gastronomía, e por suposto, unha impresionante beleza paisaxística. Os Concertos do Marisco queren consolidarse como un evento de referencia cultural no outono de Galicia que contribúe a confirmar O Grove como o lugar de maior oferta lúdica durante todo o ano. E, por riba, no mellor escenario do mundo... o da Ría de Arousa, saboreando a súa maior riqueza, o marisco.



IMELDA MAY

SÁBADO 5 DE OUTUBRO


Imelda May retomou a súa actividade musical co lanzamento dun novo disco: 'Tribal', en 2014, un álbum que chegou xusto despois de poñer de novo de moda o rockabilly tras unha carreira que comezou con 16 anos en Dublín, Irlanda, e que lle levou a formar a súa propia banda, a trasladarse a Londres co seu marido, o guitarrista Darrel Higham. Rock and roll, rockabilly, country, chiscadelas ao punk, guitarras que poden lembrar a The Cramps e moita actitude é que o que ofrece esta diva que revolucionou o xénero.



DULCE PONTES

XOVES 10 DE OUTUBRO

Dulce Pontes celebrará os 30 anos dunha carreira musical coa que segue percorrendo o mundo, enchendo escenarios ante a gran ovación do público, e liderando a popularización da música portuguesa. Aínda que comezou a súa carreira como unha artista pop, converteuse nunha das cantantes máis recoñecidas da World Music. O seu estilo combina o fado tradicional con estilos contemporáneos.



NOVEDADES CARMINHA

VENRES 11 DE OUTUBRO

Novedades Carminha foron facéndose un oco na escena musical do noso país a golpe de boas melodías, letras divertidas e mordaces, e riffs simples pero moi pegadizos, así o continúan materializando no seu último traballo “Ultraligero”. Os seus concertos son polo xeral unha auténtica festa, nas que o público non para de bailar e cantar a pleno pulmón os retrosos máis famosos da banda.



IVÁN FERREIRO

SÁBADO 12 DE OUTUBRO


Iván Ferreiro é parte da historia da música indie-rock do noso país. Leva máis de dúas décadas dedicándose a compoñer e tocar, primeiro como líder dos Piratas e despois en solitario. Agora Ferreiro continúa xirando por toda España co seu último disco ‘Casa’, unha verdadeira caixa de sorpresas: 12 temas novos que compuxo durante un ano e medio e do que din é “o seu mellor disco”.



LOS SECRETOS

DOMINGO 13 DE OUTUBRO

Los Secretos seguen nos escenarios coa mesma forza e máis de 40 anos de vida. Unha vida cuxo paso deixou unha profunda pegada na memoria de varias xeracións, e máis que parte, eles son a propia historia do pop nacional. Mantiveron sempre o mesmo espírito, a mesma paixón. Fôra de modas e tendencias, souberon conservar un estilo e un son único, defendendo e engrandecendo cos anos, un repertorio que neste momento se gañou un lugar privilexiado no libro de honra da música española.



MS NINA

VENRES 4 DE OUTUBRO

Artista multidisciplinar de orixe arxentina establecida en España. A súa carreira musical converteuna nunha das figuras clave para entender os ritmos latinos que soan en Europa e posicionouna como unha gran referente na escena musical urbana española.

Ms Nina usa a súa música, colaxes e Dj sets para romper co socialmente establecido e empoderar a todo aquel que estea oprimido. Foi bautizada como unha das raíñas do reggaeton feminista en Europa e gran parte de Latinoamérica



STICKY M.A.

VENRES 4 DE OUTUBRO

Sticky M.A. soa único e invéntase un espazo propio no panorama co seu novo traballo: "Las pegajosas aventuras de Sticky M.A.". O membro de Agorazein presenta as súas novas e adictivas correrías en solitario disposto a revolucionar a escena. A pingas foi regalándonos unha das evolucións sonoras máis interesantes que deu o Hip-Hop español na última década.



CHRISTINA ROSENVINGE

SÁBADO 5 DE OUTUBRO

Christina Rosenvinge debutou como cantante na banda Ella y Los Pneumáticos. Aínda que o seu verdadeiro éxito chegaría como cantante en solitario, grazas ao seu primeiro disco, que lle permitiu conseguir o Disco de Platino en España. Cunha clara vea 'underground', Christina Rosenvinge decantábase por cancións femininas e reivindicativas. Dedicase a facer música máis introspectiva, escura e experimental que a leva a incorporar letras en inglés e converteuse nunha cantautora de enorme recoñecemento polo seu talento e inconformismo. Agora mesmo está inmersa na xira do seu último traballo, "Un hombre rubio".



TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO

SÁBADO 5 DE OUTUBRO

Triángulo de Amor Bizarro iniciaban a súa carreira na música en 2004 e desde entón adoptaron o sano costume de publicar novas cancións todos os anos, xa sexa en formato LP como no 2016, "Salve Discordia" ou a través de EPs como "Barca Quemada" ou o recentísimo "El Gatopardo". Por iso, convén non perdelos demasiado de vista, xa que os seus directos de cando en cando repítense e sempre ofrecen novidades. Unha mestura de indie-pop-punk con certos toques psicodélicos para un grupo que se cooou en numerosos festivais e que non para de gañar adeptos con cada novo disco.



XABIER DÍAZ & ADUFEIRAS

DOMINGO 6 DE OUTUBRO

Set composto polo mellor dos discos editados por Xabier e as Adufeiras "The Tambourine Man" e "Noró". Este último traballo é toda unha homenaxe ao norte, á súa xente e á súa música, sólida e ancestral, unha revisión actual dun traballo de investigación e recuperación de músicas chegadas desde A Fonsagrada, Laxe, Noz de Aliste, Vimianzo ou Quintanilla del Monte; e chega tras o éxito de "The Tambourine Man", un dos discos máis vendidos da música galega nos últimos anos, multipremiado, e que conta cunha xira de concertos por toda Europa.



MAREM LADSON

SÁBADO 12 DE OUTUBRO

Resulta bastante increíble que alguén grave un primeiro disco con apenas 19 anos e presente este nivel de imaxinación compositiva, profundidade nas letras e capacidade de interpretación. Con apenas un single, en 2017, Marem Ladson chamou a atención de medios e programadores, catalogando á galega/estadounidense como unha das promesas máis firmes do panorama musical. Esa promesa faise realidade no seu disco de debut homónimo: "Marem Ladson", composto por once cancións que se pasean polo pop, o rock e o folk.



OS AMIGOS DOS MÚSICOS

SÁBADO 12 DE OUTUBRO

“Segundo fogar” é o novo traballo da banda ourensá Os Amigos dos Músicos, co que continúa removendo na canción popular galega. O álbum, contén dez novas cancións gravadas en Compostela e volve ser unha obra colectiva na que os seis integrantes do grupo compoñen e cantan, na que as letras se sitúan no primeiro plano, pero sen deixar de lado pasaxes instrumentais que viaxan dun lado a outro do Atlántico.



FLA-MECO

XOVES 3 DE OUTUBRO

Banda de flamenco e rumba composta por artistas mecos: Monchiño Fraga como baixo e voces, Miguel 'Alacrán' percusión e voces, Miguel 'Cabecho', guitarra e voces e Andrés Hervés como voz principal e guitarra.



@ DE VIÑO

DOMINGO 6 DE OUTUBRO

Nace no 2016 gracias a un grupo de xente do Grove, dos cales a súa maioría xa tiveran formado ou forman parte de antigas rondallas, comparsas, corais ou diferentes grupos musicais, e aos que lles gusta a farra máis aló de épocas puntuais coma o Entroido.



5 EN ZOCAS

LUNS 7 DE OUTUBRO

Grupo de pandereteiras de O Grove que se adica á recuperación, estudo e divulgación da música tradicional galega. Nos seus dous anos como formación participaron en galas benéficas, cantos de taberna, festas, concertos e exposicións para achegar a nosa cultura aos máis cativos.



A BANDA DO SEQUÍO

MARTES 8 DE OUTUBRO

14 integrantes con paixón pola música. Acaban de publicar o seu primeiro disco cun tema propio 'O Chirimbolo'. Amplo repertorio que vai dende os típicos cantos de taberna galegos ata os clásicos de sempre pop-rock español dos 80. Música e diversión asegurada.



OS FIRRÁS

MÉRCORES 10 DE OUTUBRO

Un grupo que leva 33 anos cantando dende O Grove para todos os amigos e visitantes.



Concertos do
marisco

O Grove
outubro 2019